

Gana 2,8 millóns na primeira parte do ano**EROSKI ENTRA EN BENEFICIOS NO PRIMEIRO SEMESTRE DO EXERCICIO**

- **Continua mellorando o seu resultado operativo, un 45% máis ca no primeiro semestre do ano anterior, ata os 54 millóns de euros**
- **Conta con 442 tendas de nova xeración, 23 hipermercados e 419 supermercados, que medran un 7% en vendas de media**
- **A facturación amósase estable en 2.965 millóns de euros**
- **Os investimentos alcanzan os 45 millóns de euros, principalmente destinados á remodelación da súa rede comercial e a sistemas de información**
- **Reduce a súa débeda financeira en 169 millóns de euros durante os primeiros seis meses do ano**
- **Entre febreiro e xullo deste ano, EROSKI xerou 625 novos postos de traballo na súa rede de tendas propia e franquías**
- **A cooperativa matriz EROSKI S.Coop. alcanza os 8,8 millóns de euros de beneficio**

Elorrio, 30 de setembro do 2016.- O Grupo [EROSKI](#) pechou as contas do primeiro semestre do presente exercicio, a 31 de xullo do 2016, cun beneficio de 2,8 millóns de euros, recuperando así a senda de resultados positivos anunciada durante a súa última Asemblea Xeral. Ademais, os plans de competitividade postos en marcha lograron tamén mellorar o seu resultado operativo un 45% ata os 54 millóns de euros.

EROSKI continuou avanzando na súa transformación cun investimento de 45 millóns de euros durante a primeira metade do exercicio, destinado fundamentalmente á remodelación da súa rede comercial e a equipamentos en sistemas de información para adecuar a súa oferta cara a perfís máis segmentados dos seus clientes, buscando a súa maior satisfacción e unha maior eficiencia na xestión.

Tras remodelar 74 establecementos durante o primeiro semestre do ano, son xa 442 as tendas de nova xeración, 23 hipermercados e 419 supermercados, que representan o 47% das vendas da súa rede comercial alimentaria tras rematar as operacións de desinvestimento a comezos do exercicio. A maiores, EROSKI abriu durante o primeiro semestre 44 supermercados en réxime de franquía, cun investimento de 6,6 millóns de euros. Froito da extensión do modelo comercial "contigo" que crea novos postos de traballo para unha atención máis personalizada ao cliente nas tendas e da forte

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
OSCAR GONZÁLEZ URIARTE

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI – OFICINA DE PRENSA**CONSEJEROS DEL NORTE**

ZIORTZA BERISTAIN
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)

expansión da súa rede de franquías, EROSKI xerou 625 novos empregos nos seis primeiros meses.

As tendas de nova xeración mostran un crecemento do 7% e manteñen a facturación global estable en 2.965 millóns de euros. O aforro global trasladado aos consumidores alcanzou os 105 millóns de euros a través de ofertas e promocións, cun gran protagonismo das ofertas dirixidas exclusivamente para os Socios-Cliente a través da tarxeta EROSKI Club.

Cumprindo cos compromisos adquiridos, EROSKI reduciu a súa débeda financeira en 169 millóns de euros. O ebitda xerado pola compañía alcanzou os 112,2 millóns de euros, un 17,6% máis ca no mesmo período do exercicio anterior.

Pola súa banda, a matriz cooperativa EROSKI S.COOP. pechou o primeiro semestre do exercicio cun beneficio de 8,8 millóns de euros, o mellor resultado dos últimos 4 anos.

Novo plan estratéxico focalizado na competitividade

A cooperativa aborda actualmente a definición dun novo plan estratéxico para os vindeiros catro anos no que se marca como obxectivo prioritario competir en cada un dos mercados onde está presente, situar o Socio-Cliente no centro da súa estratexia e potenciar as capacidades dos seus equipos de persoas.

Sobre EROSKI

EROSKI é o primeiro grupo de distribución de carácter cooperativo de España e operador de referencia nas rexións de Galicia, País Vasco, Navarra, Cataluña e Baleares. Conta cunha rede comercial de 1.877 establecementos, entre supermercados, hipermercados e cash&carry, amais de gasolinerías, ópticas, oficinas de viaxes, perfumerías e tendas de equipamento deportivo. Conta con máis de 7 millóns de Socios Clientes e 33.870 socios cooperativistas e traballadores.

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
OSCAR GONZÁLEZ URIARTE

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI – OFICINA DE PRENSA CONSEJEROS DEL NORTE

ZIORTZA BERISTAIN
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)